# MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

## CURSO 2023-2024

Ao longo do curso escolar 2023-2024, realizáronse unha serie de actividades que consideramos importantes para a formación dos nosos alumnos e alumnas xa que, a través delas, relaciónanse, aprenden normas de convivencia, melloran a intelixencia emocional e traballan  as competencias.

Tendo en conta o proxecto anual "**UN PLANETA CHEO DE VIDA**", festexamos datas que sensibilicen sobre temas de interese social, cultural e/ou ambiental como o Día Mundial das Zonas Húmidas e o Día Internacional de Acción polos Ríos, realizando saídas a A Bouza, ao río Lagares, á Fraga das Alvorezas, e asistindo a  faladoiros sobre o coidado medioambiental do mar, ríos e montes.

Como cada ano, celebramos todos xuntos o Magosto, o Día da Paz, o Día das Letras Galegas e os Maios, así como o Entroido, aínda que este ano, por mor das inclemencias meteorolóxicas, non puidemos levar a cabo o tradicional pasarrúas ata Bouzas xunto co CEEPR San Francisco.

Neste curso, todo o colexio participou na XX Edición do Correlingua, facendo un percorrido polas rúas ata o Parque de Castrelos, onde gozamos coas actuacións de Paco Nogueiras e Cuarta Xusta.

O alumnado do primeiro e terceiro ciclo desprazouse ata o Auditorio do Centro Príncipe Felipe, en Pontevedra, para asistir á entrega de Premios Igualdade do Concurso "E ti, que pensas da igualdade?", que gañaron alumnos e alumnas do noso centro.

Para rematar, agradecemos ás familias a súa colaboración nas actividades, tanto as propostas para realizar na casa cos seus fillos e fillas, decorando cabazas, realizando gravacións, maquetas, etc., como a súa inestimable axuda nas diferentes celebracións, facendo contacontos, faladoiros, obradoiros de papiroflexia, sementando na horta...

Seguimos contando con todos vós! Moitas grazas.

## CONMEMORACIÓNS E FESTAS

| | |
|---|---|
| **Outubro** | - Samaín<br><br>- Día da biblioteca |
| **Novembro** | - Magosto<br><br>- Día Internacional contra a Violencia de Xénero |
| **Decembro** | - Día Internacional das Persoas con Discapacidade<br><br>- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos<br><br>- Nadal |
| **Xaneiro** | - Día Escolar da non Violencia e da Paz |
| **Febreiro** | - Día Mundial das Zonas Húmidas<br><br>- Entroido intercentros<br><br>- Día da Muller e a Nena na Ciencia<br><br>- Día de Rosalía de Castro |
| **Marzo** | - Día Internacional da Muller<br><br>- Semana da Prensa |

| | |
|---|---|
| | - Día Internacional de Acción polos Ríos |
| **Abril** | - Día do Libro |
| **Maio** | - Día das Letras Galegas e os Maios<br><br>- Día Internacional contra o Acoso Escolar |
| **Xuño** | - Día Mundial do Medio Ambiente<br><br>- Festas de fin de curso |

## ACTIVIDADES NO CENTRO E SAÍDAS Á CONTORNA

Planificáronse actividades dentro e fóra do centro escolar, tendo en conta o seu carácter didáctico, intereses e ofertas recibidas.

| | |
|---|---|
| **Outubro** | - Saída á Fortaleza e Xacemento arqueolóxico de O Castro. Concello de Vigo (5º e 6º E.P.)<br><br>- Actividade de Voleibol. XOGADE ( 5º E.P.)<br><br>- Actividade de Bádminton. XOGADE ( 3º E.P.)<br><br>- Actividade de Atletismo. Celta de Vigo ( 2º a 6ºE.P. )<br><br>- Saída a Naturnova, Centro Interactivo de E. Ambiental, *"Seres vivos" (* 3º e 4º E.P.)<br><br>- Actividade formativa do Plan Director, "Riscos en Internet". Policía Nacional ( 5º e 6º E.P.) |

| | |
|---|---|
| **Novembro** | - Programa "Te lo cuentan las matemáticas". Obradoiro manipulativo. Universidade de Vigo (5º e 6º EP)<br><br>- Actividade de Bolos Celtas. XOGADE ( 5º e 6º E.P.)<br><br>- Actividade de Atletismo (4ºE.P.)<br><br>- Saída á Fundación Sales, visita e obradoiro (4º, 5º e 6º E. Infantil)<br><br>- Programa "Te lo cuentan las matemáticas". Obradoiro tecnolóxico. Universidade de Vigo (5º e 6º EP)<br><br>- Saída ao teatro Afundación. Concerto de percusión "*Vaia ritmo!*", de Odaiko ( 1º e 2º de E.P. )<br><br>- Actividade de Bolos Celtas. (1º E.P.)<br><br>- Saída a Zamáns, Campo a Través. XOGADE. (de 2º a 6º E.P.)<br><br>- Actividade de Bolos Celtas. (3º e 4º E.P.)<br><br>- Saída " Estudamos o outono na contorna" (4º, 5º e 6º de E.Infantil) |
| **Decembro** | - Actividade de Bádminton (3º E.P.)<br><br>- Saída a Bouzas para decoración da pérgola de Nadal. (1º e 2º E.P. ) Asoc. Cultural da Vila de Bouzas |
| **Xaneiro** | - Actividade de Hip Hop (5º E.P.)<br><br>- Faladoiro "O Monte vivo". Xunta de Galiza<br><br>- Saída ao teatro Afundación,*"Help! Trouble in the jungle"* (5º e 6º E.P.) |

| | |
|---|---|
| | - Saída para a actividade "Visita o teu Concello" (5º e 6º E.P.)<br><br>- Saída ao IES Alexandre Bóveda. Obra de teatro "O Nadal de Shrek" (6ºE.P.)<br><br>- Actividade de Hip Hop (5º E.P.) |
| **Febreiro** | - Saída ao Cross Provincial (3º E.P.)<br><br>- Saída a A Bouza. Día Mundial das Zonas Húmidas. Concello de Vigo (4º, 5º e 6º E.P.)<br><br>- Actividade do Programa de Prevención de Adicións. Concello de Vigo (6º E.P.)<br><br>- Saída ao teatro Afundación, *" Hugo"* , Premio María Casares( 3º e 4º E.P.)<br><br>- Actividade do Programa de Prevención de Adicións. Concello de Vigo (6º E.P.)<br><br>- Visita do escritor, Pedro Feijoo ( Club de lectura)<br><br>- Faladoiro, "Coidado medioambiental do mar". Rosa Chapela. CETMAR ( de 1º a 6º E. P.)<br><br>- Obradoiro de improvisación oral. Regueifas (5º e 6º E.P.)<br><br>- Obradoiro de percusión. Concello Vigo. ( 3º e 4º EP) |
| **Marzo** | - Actividade do Programa de Prevención de Adicións. Concello de Vigo (6º E.P.)<br><br>- Obradoiro de Regueifas. Caruncho e Pinto d'Herbón (5º e 6º E.P.)<br><br>- Programa "Te lo cuentan las matemáticas". Obrad. manipulativo. Universidade de Vigo (5º e 6º EP) |

| | |
|---|---|
| | - Saída a Naturnova, "Os sentidos da natureza" (4º, 5º e 6º de E. Infantil)<br><br>- Obradoiro de radio. Podcast ( 5º E.P.)<br><br>- Saída a Naturnova, "Seres vivos" ( 1º e 2º de E.P.)<br><br>- Obradoiro de Booktrailers. Ginko, con Roi Guitián e María Lobo (5º e 6º E.P.)<br><br>- Saída ao Museo do Mar, "Son peixes?" (4º, 5º e 6º E. Infantil)<br><br>- Actividade de Balonkorf ( 6º E.P.)<br><br>- Saída didáctica a Casaplanta (3º e 4º de E.P.)<br><br>- Programa "Te lo cuentan las matemáticas". ObradoiroTecnolóxico (5º e 6º E.P.)<br><br>- Visita do escritor, Pablo Nogueira (4º E.P.)<br><br>- Saída didáctica a Casaplanta (1º e 2º de E.P.)<br><br>- Saída ao Auditorio Municipal do Concello, "Vocasons", da E-TRAD. Música na Escola ( 3º e 4º E.P.)<br><br>- Actividade do Programa de Prevención de Adicións. Concello de Vigo (6º E.P.)<br><br>- Faladoiro, "Como convertir unha idea nun proxecto. Startup". Marcos Cabrera (5º e 6º E.P.) |
| **Abril** | - Saída ao Desfile Infantil da Reconquista (3º e 4º E.P.) Asoc. veciñal e cultural do Casco Vello de Vigo<br><br>- Actividade de Balonkorf ( 6º E.P.) |

| | |
|---|---|
| | - Obradoiro de Kame-cómic. Ginko ( 1º, 2º e 4º E.P.)<br><br>- Saída ao IFEVI, actividade de Badmington ( 3º E.P.)<br><br>- Obradoiro de Kame-cómic (3º, 5º e 6º E.P.)<br><br>- XIII XORNADAS DE EXPERTOS SOBRE O TEMA ANUAL "**UN PLANETA CHEO DE VIDA**" :<br><br>"Expertos nos ecosistemas das Illas Atlánticas" (4º E.P.)<br><br>"Expertos nas Selvas" (1º E.P)<br><br>"Expertos nas Charcas" (6º E.Infantil)<br><br>"Expertos nos Ríos" (2º E.P.)<br><br>"Expertos no Mundo subterráneo" (3º E.P.)<br><br>"Expertos en Desertos" (5º E.Infantil)<br><br>"Expertos na Sabana, pastizais tropicais, estepas, pradarías e herbazais" (4º E.Infantil)<br><br>"Expertos no Ártico. Deserto frío" ( 6º E.P.)<br><br>"Expertos en Ecosistemas forestais. Fragas do Eume" (5º E.P.)<br><br>- Visita do escritor, Ramón Romero ( 1º E.P.)<br><br>- Saída ao Museo Quiñones de León. Concerto didáctico da EMMV. Música na escola (5º e 6º E.P.) |

| | |
|---|---|
| | - Visita do escritor, Héctor Cajaraville (4º , 5º e 6º E. Infantil – Club de lectura)<br><br>- Obradoiro de papiroflexia. Manuel Chapela (1º E.P.)<br><br>- Visita do escritor, Eduardo Santiago ( 3º E.P.)<br><br>- Saída ao IFEVI, actividade de Voleibol. XOGADE (4º E.P.)<br><br>- Saída á Fraga das Alvorezas, Matamá ( 2º e 5º E.P.)<br><br>- Apadriñamento lector, no Día do Libro<br><br>- Saída ao IFEVI, actividade de Atletismo. XOGADE (4º E.P.)<br><br>- Visita do escritor, Ramón D. Veiga ( 6º E. Infantil)<br><br>- Saída a Apípolis, visita guiada e obradoiros ( 4º, 5º e 6º E. Infantil) |
| **Maio** | - Actividade de Augas de Galicia (2º, 3º, 4º, 5º e 6º E.P.)<br><br>- Saída ao río Lagares (1º e 2º E.P.)<br><br>- Visita do ilustrador, Jorge Campos (1º e 2º E.P.)<br><br>- Programa "Te lo cuentan las matemáticas". Obradoiro manipulativo. Universidade de Vigo (5º e 6º EP)<br><br>- Visita da escritora e ilustradora, Andrea García (5º E.P.)<br><br>- Saída á sala de teatro Ártika, actuación de Migallas "Canta connosco" ( 4º, 5º e 6º E. Infantil) |

| | |
|---|---|
| | - Programa "Te lo cuentan las matemáticas". Obradoiro tecnolóxico. Universidade de Vigo (5º e 6º EP)<br><br>- Visita da escritora, Paula Carballeira ( 4º E.P. - Club de lectura)<br><br>- Faladoiro de ACOGE, sobre migración (4º, 5º e 6º E.P.)<br><br>- Recollida de premios do Concurso de Igualdade 8M. Deputación Pontevedra ( 1º, 2º, 5º e 6º E.P.)<br><br>- Saída de todo o colexio á XX Edición do Correlingua<br><br>- Actividade de Fútbol Gaélico (5º e 6º E.P.)<br><br>- Visita do escritor, David Rodríguez (1º e 2º E.P.)<br><br>- Actividade de Pasapalabra<br><br>- Saída á Casa-Museo Rosalía de Castro. Deputación de Pontevedra ( 5º e 6º E.P.) |
| **Xuño** | - Festa da Auga<br><br>- Saída ao Campamento Os Fieitás - O Grove (6º E.P.)<br><br>- Contacontos "Pinky, o trasno da ilusión". Candy ( E. Infantil e 1º E.P.)<br><br>- Semana de "Choven Talentos"<br><br>- Graduacións de 6º de E. I. e 6º de E. P. Actuación de Migallas Teatro "Elas pintan moito"<br><br>- Mercado do libro usado |

| | |
|---|---|
| | - Saída á praia de Bouzas ( 4º, 5º e 6º E. Infantil)<br><br>- Excursión de fin de curso. Arousa Kayaks - Illa de Arousa (de 1º a 6º de E.P.) |

## VALORACIÓN E PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

En xeral, facemos unha valoración positiva de todas as actividades realizadas tanto dentro como fóra do centro escolar.

Na celebración do Magosto, haberá que axustar o tempo dalgúns xogos para que non se fagan moi longos.

No Entroido, houbo que  facer cambios de última hora por mor do mal tempo. Se tivésemos que celebralo no mesmo lugar, terase en conta a colocación dos cursos para que as familias poidan velos mellor.

Por último, proponse que na conmemoración do Día das Letras Galegas e os Maios se canten as coplas acompañadas de frautas e paos. Ademais, cada ano, solicitaranse os ovos para o concurso de Pascua para que poidan ser reutilizados na elaboración das grilandas.